


# Triángulo de Tartaglia / Pascal

Publicou información en Europa no s. XVI

Escribiu un tratado sobre este triángulo no s. XVII

Pero en China xa se coñecía no século XII...

**NAS SÚAS LÍNEAS AGÓCHASE MOITA INFORMACIÓN**



## Números triangulares

Pódelos atopar ordenados nesta diagonal

## Números cadrados

Se sumas dous números triangulares consecutivos, obtés un número cadrado:  
 $1+3=4$ ;  $3+6=9$

Infinito, simétrico... Este sinxelo triángulo contén moita información

Comezamos cun 1 na súa cúspide, e a medida que construimos as sucesivas filas imos colocando 1 nos extremos e completando coa suma dos dous números que están enriba de cada oco.

É máis difícil de explicar que de facer...

## Binomio de Newton

Cada fila contén os coeficientes dos polinomios resultantes de

$$(a+b)^n$$

$$(x+1)^3 = x^3 + 3x^2 + 3x + 1$$